

1-8-2019 Cert. Aprobado con acuse



Achégase o anuncio da exposición ao público dos padróns e das listas cobratorias confeccionadas das taxas e prezos públicos seguintes :

CONCEPTO/S	Período/exercicio
Letreiros, Entrada de Vehículos, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes	3º Cuadrimestre 2019
Recollida Lixo	3º Cuadrimestre 2019

Aos efectos da colaboración na exposición ao público por parte dese Concello, porase de manifesto que os citados rexistros conteñen datos de carácter persoal amparados pola lei de protección de datos, polo que cada interesado poderá consultar exclusivamente e na súa integridade os rexistros relativos á súa débeda tributaria en cada un dos concellos respectivos e nas oficinas do ORAL durante o período de exposición ao público, que comprenderá dende o día **02 de agosto ata o 01 de setembro de 2019, ambas as datas incluídas.**

Prégolle, ó mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación do anuncio no taboleiro de editos da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á dirección de xestión de servizos do ORAL.

Aos datos do padrón e listas cobratorias pódese acceder polas persoas autorizadas dese Concello a través da páxina web <http://doc.oral.depo.gal>.

Estamos a súa disposición para calquera actuación, axuda técnica, etc., que puidesen precisar.

Pontevedra, 30 de xullo do 2019  
A directora de xestión de servizos do ORAL,  
(RP 2018024866, de 27/12/2018)



María Inmaculada Viña Carregal  
DIRECCIÓN

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS**



CAMBADOS  
REXISTRO ENTRADA  
2019-E-RC-4647  
01/08/2019 11:43

**ANUNCIO****CONCELLO DE CAMBADOS****EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS E LISTAS COBRATORIAS DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS E ANUNCIO DE COBRANZA POR:**

**Letreiros, Entrada de Vehículos, Escaparates, Vados, Elementos de Construción Pechados, Balcóns, Terrazas e Marquesiñas, Toldos, Paraventos e semellantes e Recollida de Lixo do 3º Cuadrimestre 2019 .**

Aprobados os padróns e listas cobratorias das taxas e prezos públicos dos concellos que se relacionan e que teñen delegada a xestión tributaria nesta Deputación, mediante resolución da Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra e por medio do presente anuncio, se inicia o trámite de información pública establecido no artigo 24 da Ordenanza Fiscal Xeral do Órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais da Deputación - ORAL.

Os citados rexistros conteñen datos de carácter persoal amparados pola lei de protección de datos, polo que cada interesado poderá consultar exclusivamente e na súa integridade os rexistros relativos á súa débeda tributaria en cada un dos concellos respectivos e nas oficinas do ORAL durante o período de exposición ao público, que comprenderá dende o día **02 de agosto ata o 01 de setembro de 2019, ambas as datas incluídas.**

Contra o acto de aprobación dos citados padróns e listas cobratorias poderá presentarse recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización da exposición pública perante a Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra, previo ao contencioso-administrativo, de acordo co establecido no artigo 14.2 do RD 2/2004 de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais e demais disposicións vixentes na materia.

Contra a repercusión, no seu caso, do canon da auga e do coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia, poderán interpoñer potestativamente e no mesmo prazo, recurso de reposición ante Augas de Galicia (art. 76.1 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais) ou reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende o 02 de setembro de 2019.

A exposición ao público do presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria, remitíndose aos concellos incluídos a efectos da súa inserción no taboleiro de edictos.

De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza Fiscal Xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais - ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunícaselle ás persoas interesadas que **o período voluntario de cobranza das Taxas e Prezos Públicos indicadas, para os concellos que se relacionan, será do 02 de agosto ao 02 de outubro de 2019, ámbalas dúas datas incluídas.**

As taxas e/ou prezos públicos poderán satisfacerse a través da Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<https://ovt.depo.gal>), en calquera sucursal bancaria da rede de oficinas colaboradoras publicitadas nos instrumentos de ingreso, ou a través de calquera outro modo autorizado legalmente, empregando os documentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado da persoa contribuínte por correo ordinario. No caso de perda ou non recepción do devandito instrumento poderá, ata o día 02 de outubro de 2019, obterse unha carta de pagamento na Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.depo.gal/>) ou en calquera oficina presencial do ORAL na provincia.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria. Dito procedemento executivo, no caso do canon da auga ou saneamento ou coeficiente de vertedura será levado a cabo pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

